



### ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 17 DE DECEMBRO DE 2014.

#### ASISTENTES:

##### **Alcalde-presidente**

D. JOSÉ MANUEL FREIRE COUTO( PP)

##### **Concelleiros/as**

D. M<sup>a</sup> CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GARCIA GONZALEZ( PP)

D.<sup>a</sup> MIRIAN PRIETO VALDES (PP)

D. JOSE A. DO OLMO CONGIL (PP)

D.<sup>a</sup> NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. JULIO DOMINGUEZ PATO ( PP)

D. XOSÉ CARLOS VALCÁRCCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

D.<sup>a</sup> MARIA PRESAS DE PRADO (PSdeG-PSOE)

D.<sup>a</sup> VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA (BNG)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> ÁNXELA GONZÁLEZ CID ( BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PÉREZ (BNG)

##### **Secretario Xeral**

D<sup>a</sup> Silvia Alonso Fernández

##### **Interventora de fondos**

D. Eva Fernández García (Ausente)

*No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 13:45 horas do día 9 de xuño de 2014 reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.*

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.

#### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **1- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN PARA AS BASES DE EXECUCIÓN PARA O EXERCICIO**



2015

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Bos días a todas e todos empezamos con este Pleno extraordinario co primeiro punto da orde do día que é a Resolución das alegacións para as bases de execución para o exercicio do 2015, que se trata basicamente dun tema puramente digamos técnico, e lle vou dar a palabra neste caso á Interventora para que dea a explicación do contido do punto.

**A sra. Interventora toma a palabra:** A Lei 25/2013 de 27 de decembro de Impulso á factura electrónica e creación do Rexistro contable no Sector Público, no seu artigo 4 dispón que todos os provedores que entregaran bens ou prestado servizos á Administración Pública, poderán expedir ou remitir factura electrónica, en todo caso estarán obrigados ó uso da factura electrónica e á súa presentación a través do punto xeral de entrada os provedores que se detallan no seu artigo 4 que son basicamente todos os que poden presentar facturas no Concello. A Lei abre a posibilidade de excepcionar temporalmente a presentación por rexistro telemático a provedores que presenten facturas con un importe bruto inferior a cinco mil euros e tráese esta alegación para incluír esta posibilidade nas bases de execución, é o contido deste punto, se teñen algunha dúbida.

**O sr. Valcárcel toma a palabra (PSdeG-PSOE):** Para nós resúltanos absolutamente lamentable e incluso antidemocrático que convoquemos hoxe un Pleno simplemente para debater esta alegación, cando por parte do señor Alcalde podía haberse utilizado este Pleno perfectamente para debater as alegacións que foron presentadas supoño que polo Bloque Nacionalista Galego e tamén polo Partido Socialista en tempo e forma. A democracia funciona dese xeito, permitir o debate e dado que hoxe que temos un Pleno por este motivo que son cinco minutos non custaba nada a ninguén aínda que sexan alegacións políticas en estrito senso debater politicamente aproveitando este Pleno o que son as alegacións do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego. O Grupo Socialista parécenos incluso unha burla á democracia o utilizar este tipo de procedementos, e no utilizar este Pleno tamén para debater isto. A nosa abstención que xa anunciei na Comisión, é dicir, preguntar unha cousa máis, ¿hai algunha campaña prevista para informar ós comerciantes, ós provedores, sobre o funcionamento deste tipo de sistema informático e telemático?, eu pregunto se a teñen previsto, ¿vai se facer?.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** De feito cada un dos provedores habituais xa se lle está dicindo.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Dicindo, dicir é unha cousa de que entra en funcionamento, outra cousa é informar de como funciona.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Será imposible chegar a todo o mundo porque isto a medida que vaian vindo os provedores haberá que irillo explicando.



**O sr. Valcárcel toma a palabra:** É evidente que cada un, non se pode chegar a todo o mundo, nin con unha campaña informativa, pero pode existir que se faga informar e que saiban como funciona.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Nós non imos, a idea en principio é remitir un comunicado a todos os provedores que temos habitualmente, independentemente que dende o Centro empresarial pois se poderá facer algunha campaña dende alí para a Asociación de comerciantes da zona, refírome. Porque moitos provedores non son de aquí do Concello.

**O sr. Fírvida toma a palabra (BNG):** Dúas cousas, unha no primeiro punto da orde do día non ven a aprobación da acta do Pleno anterior.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Non está terminado.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Segunda cuestión, acabamos de recibir un certificado, eu acabo de recibir un certificado de que as alegacións do Bloque Nacionalista Galego ós orzamentos estaban presentadas fóra de prazo, porque o prazo de exposición ó público son quince días non trinta como no resto de todas as ordenanzas, alegacións, etc..., eu pensaba que eran trinta días e están fóra de prazo. Ben entendendo isto e que é un erro meu, está clarísimo, eu comparto a opinión de Xosé Carlos, o Partido Socialista neste caso, eu xa anuncio que as enmendas do Bloque Nacionalista Galego vai ir en forma de moción par o vindeiro Pleno, co cal imos defender igual a postura do BNG en canto ós orzamentos do Concello, pero eu opino como Xosé Carlos que os grupos que presentan mocións ou alegacións ós orzamentos do Concello en tempo e prazo teñen o dereito democrático de defendelas. Isto é unha estafa, e non é unha estafa a nós, é unha estafa ós cidadáns deste Concello, nós non estamos aquí en nome propio, nós estamos aquí en representación de cidadáns deste Concello que votaron libremente a unha opción política para que defendese os seus intereses, cousas que vostedes se esqueceron de facer nos últimos vinte e cinco anos, e agora nos están impedindo en este caso ó Partido Socialista non a nós, que digo que xa o presentamos fóra de prazo, falo por eles, lles está impedindo defender en base non sabemos ben aquí o seu traballo político, como se o tivéramos presentados nós, en base a que non se podes aceptar unhas alegacións clarisimamente políticas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** As políticas non son as que realmente teñen contido para

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Pero porque non se fai un Pleno para debater como en todos os Concellos do País, coma en todas as Deputacións, como na Xunta de Galicia, como en todos os Concello do Estado Español, que se debaten alegacións políticas, a unha forma de facer política por un grupo de goberno, por unha e outra banda, eu imaxino que no Partido Popular fará isto mesmo en Boiro, en Allariz, en Ourense e onde está na oposición, e o Secretario, Secretaria, e o Grupo de Goberno llas aceptarán ou non llas



aceptarán, pero estamos caendo en que aquí a burocratización pesa máis que o debate político, e estamos facendo casos atómicos, cando aquí vimos a falar de política, non de cuestións técnicas, desde logo eu non coñezo as alegacións do Partido Socialista, porque non me as pasaron, xa me as pasará Xosé Carlos, imaxino que son políticas, como son as nosas, ¿por que razón non se poden debater en este Concello?

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero imos ver, cando se privou neste Concello debater nada a ninguén.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Por que non as imos debater hoxe.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pois imos ver, se despois no Pleno ordinario as quere debater nós vámoslle a aceptar o debate, agora o que non lle imos a aceptar.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Pero apróbanse os orzamentos.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Esas son políticas, xa o está dicindo non son técnicas, as técnicas había a obriga de recollelas, debatelas e sometelas a votación, neste caso as políticas non, non é así, que foi o que dixeron os técnicos.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Pero dende cando non hai a posibilidade de debater unhas mocións políticas, pero como é iso.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Que se van poder debater cando se queiran.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Pero despois de aprobar os orzamentos.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero imos ver se son políticas.

**A sra. Interventora toma a palabra:** No caso do orzamento como é un documento importante de cara á xestión do exercicio orzamentario, non só se poñen unhas garantías de cara á súa aprobación, non só se pode aprobar no Pleno, no caso de que non se acorde esa maioría necesaria, incluso agora mesmo hai unha normativa para que se poda aprobar o orzamento en Xunta de Goberno. Da mesma maneira limítanse os motivos polos que se poden presentar alegacións, entón o motivo polo que se poden presentar alegacións está taxado e son tres, o primeiro deles é que non se someteran á tramitación esixida, non se seguiran os trámites para a aprobación do orzamento, que os créditos non sexan suficientes para atender ó cumprimento das obrigas, en fin que non se axustan as alegacións, ou sexa, ti cando presentas unhas alegacións a unha ordenanza fiscal, pode ir sobre calquera parte do contido da ordenanza fiscal, no caso do orzamento as alegacións non poden versar sobre, non debe gastarse aquí, debe gastarse no outro lado, enténdese que iso é unha opción política do equipo de goberno para garantir e non dilatar no tempo a aprobación dese orzamento que é un documento esencial para o bo funcionamento do exercicio, pois dánse esa serie de garantías, e o orzamento só se poden presentar alegacións por estes tres motivos, ó non estar baseadas ningunha das alegacións, neste caso o PSOE, nestes motivos non ha lugar a ese debate



porque non se aceptan as alegacións.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Eu teño claro cales son os motivos taxados para presentar alegacións a un orzamento, son motivos de carácter técnico, asumímoslos e aceptámoslos, non estamos criticando para nada o traballo da señora Interventora, estamos criticando a opción do señor Alcalde de restrinxir a capacidade de debate político, el se hoxe quixera podía debater aquí con nós perfectamente estas alegacións aproveitando que vimos a cobrar cada un de nós 145 euros, era unha opción democrática, iso é do que se trata e iso é do que falamos señor Freire, non falamos doutra cuestión.

**A sra. Interventora toma a palabra:** Eu sabía que o voceiro do Grupo Socialista tiña claro este tema, pero eu creo o voceiro do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, eu creo que tiña unha dúbida nese sentido.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Non, non fago ningún reproche nin moito menos.

**O sr. Fívida toma a palabra:** A ver, non entendemos nada, eu moi mal me explico, porque non entendemos nada, acaba de dicir o señor Alcalde que el estaba disposto a admitir a debate unhas propostas políticas, nós non lle chamamos alegacións, lle chamamos enmendas, no noso escrito

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Eu dixen se era necesario, e dixeron que non facía falta, que non era necesario, vale, pois ben.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Pero non pode ser que governe este Concellos os técnicos e que digan que non. E é sá, e é transparente, e é xusto, porque son enmendas políticas. Pero como non vai haber a posibilidade de que un veciño do Concello propoña por exemplo reducir un gasto innecesario en publicidade, nesta, non sei como definilo, vinte mil euros que había nos orzamentos, e non adicar iso por exemplo a medicamentos para as persoas pensionistas que están sen comprar medicamentos porque non teñen renda, por que non se pode debater isto. Pero queremos saber a opinión do Grupo de Goberno, e calquera veciño nos podería ter feito iso.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O Grupo de Goberno é quen aproba o orzamento, e é quen fai o orzamento.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Neste caso sabemos a opinión dunha Interventora que nos impide debater seica nun Pleno extraordinario o que nós vimos aquí a falar politicamente.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** A Interventora non impide absolutamente nada.

Imos ver vostede é o menos indicado a dicilo, vostede sabe que fixo unha proposta, por exemplo para o tema dos que tiña o problema do gluten, aí está unha subvención. Ben pois se non a fixo vostede, é un usuario a súa familia polo que teño entendido. Quero dicir con isto que nós somos sensibles a todo tipo de



problemas sociais, unha cousa non ten que ver ca outra, porque fagamos iso a vostedes lle molesta, perfecto a nós parécenos que é coherente, levamos feito así moitísimos anos e nunca pasou absolutamente nada porque entendemos que é algo que a cidadanía tamén lle interesa saber o que hai e o que non hai, a nós parécenos que é unha opción boa e a fixemos e punto, estamos gobernando, o día que gobernen vostedes seguro que farán non unha, dúas ou tres, como fan onde gobernan. En todo caso eu dígolle que terán no seu momento no Pleno ordinario en debater o que vostedes queiran, agora trátase do que se trata, entón punto. Imos someter a votación.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Estamos secuestrados

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non están secuestrados por ninguén

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Si, aquí en vez de aplicar a razón, aplicamos o dereito sen ningún tipo de lóxica nin de razón, cando a razón debe primar por encima do dereito de calquera tipo de clase, ou non é así, señora Secretaria.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Votos a favor da resolución para as bases de execución, votos a favor, votos en contra, abstencións

### PARTE DE CONTROL

#### 2- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**O sr. Alcalde toma a palabra:** E o segundo punto é a dación de contas de Resolucións de Alcaldía que teñen copia e simplemente dar conta nada máis, non require votación, e co cal entendo pois que se conclúe o Pleno.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 14:00 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO



## CONCELLO DE BARBADÁS

---

